



OS TEXTOS XORNALÍSTICOS E A PUNTUACIÓN



Newspapers (Clerk-Free-Vector-Images, Pixabay)



ÍNDICE

OS TEXTOS XORNALÍSTICOS E A PUNTUACIÓN

1. OS TEXTOS XORNALÍSTICOS.....	1
1.1 A noticia.....	1
<i>Exercicios</i>	2
2. A PUNTUACIÓN: DOUS PUNTOS, PARÉNTESIS E ASPAS.....	3
2.1 Os dous puntos :.....	3
2.2 As paréntesis ().....	3
2.3 As aspas "".....	3
<i>Exercicios</i>	4
SOLUCIÓN.....	5

1. OS TEXTOS XORNALÍSTICOS

Os **textos xornalísticos** teñen como finalidade informar e transmitir a opinión sobre uns feitos de interese xeral acontecidos na sociedade a través dos **medios de comunicación**. Poden ser máis informativos ou máis de opinión.

Os xéneros xornalísticos máis representativos son:

1. Xéneros informativos

- Noticia
- Reportaxe

2. Xénero mixtos

- Crónica
- Entrevista

3. Xéneros de opinión

- Artigo de opinión

A diferenza clave entre os xéneros informativos e os de opinión é a obxectividade, pois a noticia conta un feito de maneira obxectiva e o artigo de opinión inclúe as valoracións do ou da autora do artigo. Nós centrarémonos na **noticia**.

1.1 A noticia

A **noticia** informa sobre un acontecemento recente. Debe ser clara, concisa e obxectiva. Para iso, adoita responder tal e como se coñece en inglés aos *seis W*:

- Que? (*What*): **Que** aconteceu?
- Como? (*How*): **Como** aconteceu?
- Quen? (*Who*): **Quen** o fixo?
- Onde? (*Where*): **Onde** aconteceu?
- Cando? (*When*): **Cando** aconteceu?
- Por que? (*Why*): **Por que** o fixo?

Ademais, unha noticia ten uns elementos clave que debemos coñecer.

- **Titular**: frase que condensa o contido da noticia.
- **Resumo**: un resumo dos datos máis relevantes da noticia.
- **Corpo da noticia**: a información máis detallada da noticia, adoita ir de máis importante a menos importante, o que se coñece como forma de pirámide invertida.



Alén disto, as partes das noticias adoitan estar marcadas tipograficamente. Isto quere dicir que se resalta normalmente con letra negra e maior tamaño o titular e tamén en maior tamaño a entrada para diferencialas do corpo.

Vexamos un exemplo dunha noticia:

Atracan un banco en Fontiñas

Esta pasada madrugada, unha banda de atracadores protagonizou un insólito roubo no banco do barrio de Fontiñas, en Santiago de Compostela.

Os delincuentes, de baixa estatura segundo as primeiras testemuñas, utilizaron un tractor para facer un burato na parede da entidade bancaria e acceder así á caixa forte. Segundo fontes da investigación, o obxectivo do atraco era facerse cos cartos necesarios para financiar un cruceiro. A policía continúa coas pescudas para identificar e deter aos autores do feito.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Le con atención a noticia proposta como exemplo e contesta as 6 preguntas básicas.

- | | |
|---------------------------|------------------------------|
| a) Que aconteceu? | d) Onde aconteceu? |
| b) Como aconteceu? | e) Cando aconteceu? |
| c) Quen o fixo? | f) Por que o fixeron? |

Exercicio 2

Redacta ti agora unha noticia breve a partir desta información:

- a) Que aconteceu? Un can aprende a falar galego.
- b) Como aconteceu? O can ía a clase todos os días co seu dono.
- c) Quen o fixo? A profesora de galego dáballes clases particulares.
- d) Onde aconteceu? Nunha escola dos Ancares.
- e) Cando aconteceu? Este curso.
- f) Por que o fixeron? Para manter a lingua viva.



2. A PUNTUACIÓN: DOUS PUNTOS, PARÉNTESIS E ASPAS

Os signos de puntuación serven para organizar as partes dun texto. Nesta unidade imos ver o uso dos dous puntos :, as parénteses () e as aspas """. Para isto seguiremos o indicado na *Gramática práctica da lingua galega*.

2.1 Os dous puntos :

Os dous puntos serven para:

- Introducir **citas** ou discursos directos.

E entón o home dixo: "non penso volver máis".

- **Enumeracións.**

Lin moitos libros este inverno: Pel de cordeiro, Os libros arden mal, Golpes de luz, Ítaca...

- Introducir **comentarios.**

En definitiva: é unha obra impresionante.

2.2 As parénteses ()

As parénteses úsanse para:

- Facer **aclaracións** ou achegar información extra.

Para participar no sorteo cómpre reunir os requisitos (ser maior de 18 anos, estar empadroado no Concello e seguir a conta de Instagram da Asociación).

- Escribir unha **sigla** despois da palabra.

A Real Academia Galega (RAG) propuxo a sete cantareiras para a celebración do Día das Letras Galegas 2025.

- **Eliminar** parte dunha cita, xunto cos puntos suspensivos.

(...) Poucos viron ao Demo Maior enfadado e menos aínda sobreviviron para contalo. Moitos temen a rección da moura (...)

2.3 As aspas ""

As aspas ou comiñas empréganse para:

- Introducir o **discurso directo** e as citas textuais.

"Todo isto é noso", dixo meu avó.



- Destacar palabras con algún **dobre sentido**.

É o "amigo" da miña curmá.

- Indicar o **título** dun capítulo, un poema, unha canción...

"O pai de Migueliño" é un dos relatos de Castelao máis coñecidos.

- Destacar **estranxeirismos**.

A palabra "outfit" é un préstamo innecesario do inglés.

As aspas simples " empréganse para indicar a acepción (significado) dunha palabra.

Unha persoa arteira é unha 'persoa que ten habilidade para facer algo ben sen dificultade'.



EXERCICIOS

Exercicio 3

Introduce os dous puntos nestas oracións.

- a) María díxolle a Xoán "non te esquezas de virme buscar ás 8".
- b) O verán pasado fun a moitos festivais Castelo Conta, O son do Camiño, O festival da luz...
- c) Só lle dixen unha cousa cóidate e volve.

Exercicio 4

Introduce as parénteses nestas oracións.

- a) O Concello convocou un certame literario escolar e cómpre reunir os requisitos ser estudante e escribir un relato curto de 1000 caracteres.
- b) A Universidade de Santiago de Compostela USC organiza todos os anos cursos de verán.

Exercicio 5

Introduce as aspas nestas oracións.

- a) Negra sombra é un dos meus poemas favoritos de Rosalía de Castro.
- b) María díxolle a Xoán: non te esquezas de virme buscar ás 8.
- c) Non fai máis que enredar na clase. É o seu alumno favorito.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

- a) Que aconteceu? Atracan un banco en Fontiñas.
- b) Como aconteceu? Os atracadores fixeron un burato cun tractor.
- c) Quen o fixo? Unha banda de atracadores baixos.
- d) Onde aconteceu? No barrio de Fontiñas, en Santiago de Compostela.
- e) Cando aconteceu? A pasada madrugada.
- f) Por que o fixeron? Quería roubar os cartos da caixa forte para ir de cruceiro.

Exercicio 2

Actividade de resposta aberta.

Unha proposta podería ser a seguinte:

Un can aprende a falar galego nunha escola dos Ancares

Este curso escolar, un feito sorprendente tivo lugar nunha escola dos Ancares: un can aprendeu a falar galego. O animal asistía cada día ás clases co seu dono e, co paso do tempo, comezou a imitar palabras e expresións na lingua galega. A profesora de galego, que lle impartía clases particulares, explicou que todo comezou como un xogo, pero que co esforzo e a constancia, o can acabou pronunciando frases sinxelas. O obxectivo desta iniciativa era manter viva a lingua galega, e semella que, mesmo entre ladridos, está a dar os seus froitos.

Exercicio 3

- a) María díxolle a Xoán: "non te esquezas de virme buscar ás 8".
- b) O verán pasado fun a moitos festivais: Castelo Conta, O son do Camiño, O festival da luz...
- c) Só lle dixen unha cousa: cóidate e volve.

Exercicio 4

- a) O Concello convocou un certame literario escolar e cómpre reunir os requisitos (ser estudante e escribir un relato curto de 1000 caracteres).
- b) A Universidade de Santiago de Compostela (USC) organiza todos os anos cursos de verán.



Exercicio 5

- a) "Negra sombra" é un dos meus poemas favoritos de Rosalía de Castro.
- b) María díxolle a Xoán: "non te esquezas de virme buscar ás 8".
- c) Non fai máis que enredar na clase. É o seu alumno "favorito".